

RESOLUCIÓN

Rectificación de erros materiais na Resolución da Alcaldía núm. 1594/2026 , do 9 de xuño pola que se acordou a aprobación da listaxe definitiva de persoal admitido para o persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”.

Antecedentes.-

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 1594/2026 , do 9 de xuño, acordouse a aprobación da listaxe definitiva de persoal admitido para o persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”.

Segundo.- Advertiuse un erro material no punto quinto da parte resolutiva da citada resolución, no que se refire ao tipo de proba, onde se indica que será tipo test. De acordo, co punto 6.3 das bases da convocatoria consistirá nunha **proba escrita de preguntas curtas** e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consideracións xurídicas.-

De conformidade có previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, éstas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no punto quinto da parte resolutiva da Resolución da Alcaldía núm. 1466/2026, do 28 de maio, pola que se acordou a aprobación da listaxe definitiva de persoal admitido para o persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”:

“Quinto.-Convocar aos aspirantes admitidos para a realización da fase de oposición, que consistirá nunha proba escrita **de preguntas curtas**. Esta proba terá lugar o xoves, 11 de xuño de 2026, ás 10:00 horas, no EDIFICIO FORUM (Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n, Carballo). “

Segundo.- Que se notifique esta resolución aos interesados.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales